



XUNTA DE GALICIA

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA E O CONCELLO DE MOAÑA EN MATERIA DE PROTECCIÓN CIVIL E EMERXENCIAS COLABORANDO NOS GASTOS DE ADQUISICIÓN DUN VEHÍCULO TODO TERREO DE PROTECCIÓN CIVIL E EMERXENCIAS.

REUNIDOS

Dunha banda, Alfonso Rueda Valenzuela, Vicepresidente e Conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, actuando en nome e representación da Xunta de Galicia, en virtude do Decreto 148/2016, do 13 de novembro, polo que se nomean os titulares dos departamentos da Xunta de Galicia, no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa presidencia.

Doutra, Dona Leticia Santos Paz, Alcaldesa do Concello de Moaña (Pontevedra), no nome e representación de dita entidade local, e en virtude das atribucións que lle confiren os artigos 21.1b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e 61.1 a) e o artigo 61.1º.a) da Lei do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

EXPOÑEN

Que a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a través da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, é o departamento encargado de xestionar as competencias atribuídas á Comunidade Autónoma de Galicia, en materia de protección civil, segundo o disposto no Decreto 177/2016, do





XUNTA DE GALICIA

15 de decembro, polo que se fixa a estrutura orgánica da vicepresidencia e das consellerías da Xunta de Galicia e o Decreto 72/2013, do 25 de abril, modificado polo Decreto 11/2015, do 5 de febreiro, que establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

O artigo 23 do Decreto 56/2000, do 3 de marzo, modificado polo Decreto 109/2004, do 27 de maio, polo que se aproban as medidas de coordinación da protección civil no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, prevé que a Xunta de Galicia poderá establecer convenios de colaboración con entidades públicas e privadas.

De acordo cos artigos 194 e 195 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración de Galicia, entre as competencias que, no que atinxe ás relacións coas entidades locais galegas, lle corresponden á Xunta de Galicia están ás de cooperación e colaboración, podéndose estas materializarse mediante a subscrición de convenios.

Os artigos 5.3 e 47.2 da Lei 5/2007 de emerxencias de Galicia, establecen que a Xunta de Galicia poderá subscribir convenios de colaboración con entidades públicas ou privadas co fin de facilitar a colaboración das mesmas na xestión de riscos e de emerxencias.

Os artigos 25 e 26.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e os artigos 80 e 81 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, dispoñen que os municipios deberán prestar á súa cidadanía os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade de veciños, entre as que se atopan a seguridade en lugares públicos, a protección civil e extinción de incendios (aínda non sendo competencias do Concello de Moaña, este está interesado en prestalas) polo que teñen necesidade de contar con medios para poder facer fronte ás ditas competencias, compartidas e concorrentes, en materia de protección civil e emerxencias.





XUNTA DE GALICIA

Que entre os medios e recursos mobilizables pola Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, é conveniente contar en determinados momentos, ademais dos propios, con medios alleos, sendo obxecto deste convenio a colaboración co Concello de Moaña en materia de protección civil e emerxencias, entendendo esta como a seguridade dos cidadáns e os seus bens, a través do seu coñecemento e do interese na prevención e socorro así como na practica individual e colectiva da autoprotección, como medidas primordiais para evitar riscos o cando menos minorar as consecuencias dos posibles accidentes.

O servizo de protección civil é un servizo esencial e de carácter excepcional na nosa comunidade xa que funciona as 24 horas do día os 365 días do ano. Ao ser imposible planificar todas as actuacións nas emerxencias, xa que ocorren a calquera hora e día do ano, estas non se poderían afrontar coa mesma garantía se non se tiveran en conta todos os medios existentes, especialmente aqueles de carácter especializado e mais próximo ao lugar onde se actualizan as emerxencias.

O Concello de Moaña quere reforzar a AVPC existente de recente creación, para prestar a atención debida ao seu territorio e a importante poboación que ten, precisan dos medios básicos entre os que se atopa a necesidade dun vehículo todo terreo, dado que estas funcións son exercidas de forma exclusiva no concello por esta entidade non son, polo tanto, de aplicación os principios de publicidade e concorrencia pública, de acordo co establecido no artigo 19.4 e 26.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia na Administración Pública Galega.

Por todo isto ámbalas dúas partes,





XUNTA DE GALICIA

ACORDAN

Primeira.- Obxecto

O obxecto do presente convenio é establecer as bases para a colaboración entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a través da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, e o Concello de Moaña, en materia de protección civil e emerxencias.

A tales efectos colaborarase economicamente con esta entidade na adquisición dun vehículo todo terreo para o servizo de Protección Civil na atención ás emerxencias e operativos de protección civil, e en determinadas situacións de emerxencias prestar colaboración aos concellos limítrofes.

Segunda.- Obrigas da Xunta de Galicia

A Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza colaborará na realización da actuación ao que se refire a cláusula primeira deste convenio, achegando a cantidade máxima de trinta e cinco mil cinco centos euros (35.500 €) con cargo á aplicación orzamentaria 05.25.212A.760.0 e código de proxecto 201500086 dos orzamentos do ano 2018.

Terceira.- Obrigas do concello

O Concello de Moaña realizará a adquisición do vehículo todo terreo ao que se refire a cláusula primeira.

Serán por conta do Concello tódolos gastos de matriculación seguros, etc así como o manexo, mantemento e eventuais reparacións do vehículo e dos equipos de emerxencia correspondente e da obriga de tomar ao seu cargo unha póliza de seguro que cubra tódolos riscos que poidan derivarse da circulación e utilización do mesmo, das súas actuacións e dos seus ocupantes.






XUNTA DE GALICIA

Así mesmo o concello aportará a dotación de persoal necesario que será en todo momento o apropiado, tanto en numero, como en formación e aptitude, para o manexo do citado vehículo e dos equipos de emerxencia, para as intervencións no que fora requirido.

O Concello de Moaña colaborará co organismo da Xunta de Galicia con competencia en materia de protección civil, na prevención de riscos, autoprotección e na xestión de emerxencias de ámbito local ou comarcal, dentro das súas posibilidades técnicas e de persoal, cando así fora requirido polas autoridades de protección civil, así como na organización e realización de operativos, exercicios, simulacros e divulgación e no desenvolvemento dos plans territoriais e especiais de protección civil.

Cuarta.- Libramento e xustificación dos fondos

A xustificación dos gastos e o seu pagamento realizarase nos termos establecidos na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da citada Lei, e no Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas.



O libramento dos fondos ao Concello de Moaña por parte da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, efectuarase en dúas fases, un primeiro pago de dezasete mil setecentos cincuenta euros (17.750 €), que será abonado á firma do convenio, o que supoñen un pago anticipado do 50%, con entrega de fondos con carácter previo á xustificación, e a cantidade restante ata completar os 35.500 € totais, serán sufragados ao final das actividades do convenio, previa remisión por parte Concello de Moaña á Dirección Xeral de Emerxencias e Interior da Conta Xustificativa da subvención de acordo ao establecido no artigo 10 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro.





XUNTA DE GALICIA

No caso de subvencións destinadas a financiar investimentos, a conta xustificativa conterá:

a) Certificación expedida pola Secretaría da entidade local, co visto e prace do/a alcalde/ sa ou presidente/a, relativa á aprobación polo órgano competente da conta xustificativa da subvención na que se faga constar, como mínimo, de forma detallada:


1.º O cumprimento da finalidade da subvención.

2.º Os distintos conceptos e contías correspondentes aos gastos totais soportados pola entidade beneficiaria imputables á actuación subvencionada coa seguinte relación: identificación do/a acredor/a, número de factura ou documento equivalente, certificación da obra, importe, data de emisión e data de recoñecemento da obriga polo órgano competente. Salvo disposición expresa das bases reguladoras, e sen prexuízo do previsto na letra c) de este mesmo artigo, non será esixible a remisión dos documentos relacionados no artigo 48.2 b) do Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, aprobado polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

b) Certificado do taxador/a independente debidamente acreditado/a e inscrito/a no correspondente rexistro oficial, no caso de adquisición de bens inmobles.

c) Os documentos acreditativos dos gastos realizados con medios ou recursos propios e a indicación, no seu caso, dos criterios de repartición dos custos xerais e/ou indirectos incorporados na relación a que se fai referencia na letra a).

d) Unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiasen a actividade subvencionada con indicación do importe e a súa procedencia.





XUNTA DE GALICIA

e) No seu caso, os tres orzamentos que se esixen en aplicación do artigo 29.3.º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

f) Declaración de cumprir cos requisitos previstos no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, de estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coas Administracións Públicas.

A Dirección Xeral de Emerxencias e Interior acompañará unha certificación na que se indique o cumprimento, por parte da Concello de Moaña, das obrigas contiñas neste convenio.


Toda a documentación xustificativa descrita nesta cláusula deberá estar en poder da Dirección Xeral de Emerxencias e Interior, a máis tardar, o 30 de novembro de 2018.

Quinta.- Publicidade

Este convenio será obxecto de publicación de acordo co previsto na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno da administración pública galega. Así mesmo, incluírase no Rexistro Público de Axudas, Subvencións e Convenios, de conformidade co Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de presupostos xerais da comunidade autónoma para o ano 2006, e artigo 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

As partes asinantes do convenio manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan neste convenio, así coma o resto das especificacións contidas no mesmo, poidan ser publicados no Portal da Transparencia e Goberno Aberto.

En cumprimento do disposto nos artigos 18 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, comunicárase a subscripción deste convenio á Base





XUNTA DE GALICIA

de Datos Nacional de Subvencións, que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións".

Sexta.- Facultades de inspección

O Concello de Moaña comprométese a someterse ás actuacións de comprobación que efectuará o órgano concedinte, así como calquera outra actuación, sexa de comprobación ou control financeiro, que puidesen realizar os órganos de control competentes, tanto autonómicos como estatais ou comunitarios, para o que se achegará calquera información que lle sexa requirida no exercicio desas actuacións.

En especial, deberán facilitar a información que lle sexa requirida por esta vicepresidencia e consellería, pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma ou polo Consello de Contas e o Tribunal de Contas no exercicio das súas funcións de fiscalización e control.

Sétima.- Compatibilidade

Esta subvención é compatible coa percepción doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade. Sen embargo, o importe das subvencións en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada, de acordo ao establecido no artigo 40.1 do decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Oitava.- Modificación, revogación e reintegro

A axuda concedida ao amparo deste convenio poderá ser obxecto de modificación, revogación ou reintegro, xunto cos xuros de demora, cando concorran as circunstancias previstas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da lei de subvencións de Galicia e na Lei 38/2003, do 17 novembro, xeral de subvencións.





XUNTA DE GALICIA

O concello poderá solicitar a modificación das características do proxecto ou actividade subvencionada, cunha antelación mínima dun mes á data de remate do prazo de realización da actividade, ao abeiro do artigo 7 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro.

Novena.- Comisión de seguimento

Crease unha Comisión Mixta, constituída por dous representantes por cada unha das partes, que velará polo cumprimento das estipulacións deste convenio e proporcionará o soporte de xestión axeitado para atender os supostos que as circunstancias puideran deparar e propoñer as actuacións que sexan necesarias para o desenvolvemento e execución do mesmo.

Pola Dirección Xeral de Emerxencias e Interior:

A persoa titular dunha subdirección xeral e un técnico/a dependente da mesma.

Polo Concello de Moaña:

A alcaldesa e o/a secretario/a.

Décima.- Causas de resolución

O presente convenio resolverase:

- a) Por incumprimento total ou parcial dalgunha das estipulacións que o regulan.
- b) Polo transcurso do tempo estipulado sen que se culminen as actividades acordadas.
- c) Pola non presentación da documentación a que se refire a cláusula cuarta deste convenio.

Décima primeira. - Natureza administrativa e réxime xurídico do convenio.

Este convenio ten carácter administrativo rexéndose polas cláusulas que nel se establecen e, no seu defecto, polo Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público.





XUNTA DE GALICIA

O réxime xurídico deste convenio vén determinado polo establecido na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, polo Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, no Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan as especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas e na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e demais normativa de procedente aplicación.

Décima segunda. - Vixencia

A data de efectos do presente convenio é dende o momento da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2018, se ben se considera a súa eficacia, respectos dos gastos orixinados por actividades do tipo especificado no convenio, dende o 1 de xaneiro do ano en curso.

En proba de conformidade, asínase o presente convenio por duplicado.

Santiago de Compostela, 21 de maio de 2018

Pola Vicepresidencia e Consellería de
Presidencia, Administracións Públicas e
Xustiza

O vicepresidente e conselleiro

Alfonso Rueda Valenzuela

Polo Concello de Moaña

A alcaldesa

Leticia Santos Paz